



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 15 de xullo de 2024, ás 11:30 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

### ASISTENTES

Presidente  
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:  
María Josefa Álvarez Bugallo  
Juan Ramón Vidal Torrado

### NON ASISTEN

Constantino Fernández Vila  
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### 1 Aprobación da acta da sesión do 3 de xullo de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a acta da sesión do 3 de xullo de 2024 5 por unanimidade.

### 2 Expediente 2024/C003/000005. Aprobación do proxecto denominado: “Melloras de camiños municipais na parroquia de pazos (AGADER).”

O alcalde le a proposta que foi ditaminada o 5.07.2024 na Comisión Informativa de asuntos preparatorios de pleno.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

#### **APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO: MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER). EXP 2024/C003/000005**

Logo de ver a Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ó abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código: MR701E), publicada o 25 de xaneiro de 2024, DOG número 18. (Exp.: 2024/A008/000012).



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Logo de ver o proxecto denominado << MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS>>, por importe de 62.065,00 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 COAG, de febreiro 2024, cun prazo de execución de 2 meses.

Logo de ver os informes do arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do 14/02/2024, para o investimento indicado, nos que fai constar que cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor e que as obras se executarán en camiños de titularidade municipal, non sendo necesario invadir terreos/propiedades nas que deban obterse a dispoñibilidade destes, salvo as autorizacións sectoriais dos seguintes organismos: Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xefatura Territorial da Coruña. Xunta de Galicia e do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 139/2024, de 20 de febreiro, na que se acorda solicitar unha subvención para participar no Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas 2024-2025, e solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) unha subvención por importe de 62.065,00 €, para levar a cabo o proxecto denominado: << MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS>>, por importe de 62.065,00 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, comprometéndose o Concello de Ponteceso á achega da cantidade correspondente ó IVE, que ascende a 13.033,65 €; sendo o orzamento total do proxecto de 75.098,65 €.

Logo de ver a notificación da resolución de concesión da subvención por parte da directora xeral do AGADER, concedéndolle ó Concello de Ponteceso unha axuda por importe de 62.065,00 € equivalente a un 100,00 % de axuda respecto do orzamento aceptado, ó abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

Constan no expediente as autorizacións sectoriais dos 2 organismos necesarias para a execución deste investimento: Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver o informe técnico sobre os permisos e autorizacións sectoriais, do 05/07/2024, asinado polo arquitecto técnico municipal, no que fai constar que no relativo ós condicionados xerais e particulares dos informes sectoriais, as actuacións que se indican son as xenéricas para os espazos de actuación afectados, en moitos casos cun grado de intervención e alcance superior ás necesidades reais, non considerándose por este servizo que sexan necesarias actuacións a maiores das contempladas no proxecto; ó tratarse de obras que consistirán basicamente na rehabilitación superficial dun vial preexistente.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto denominado: << MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS>>, por importe de 62.065,00 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 COAG, de febreiro 2024, cun prazo de execución de 2 meses.

**Segundo.-** Notificar ao redactor do proxecto e oficina técnica para que se proceda ao replanteo do proxecto conforme ó artigo 126 da LCSP.

**Terceiro.-** Dar traslado do contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

O Alcalde/(Asinado dixitalmente)/Jose Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

### **3 Expediente 2024/C006/000003. Proposta de adhesión a central de contratación da FEGAMP para poder contratar os servizos postais e telegráficos**

O alcalde le a proposta.

#### **“ADHESIÓN A CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA PODER CONTRATAR OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS**

**PRIMEIRO:** A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO:** O concello de Ponteceso ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o Alcalde de Ponteceso segundo as normas de réxime local, e tendo en conta o acordo plenario do 13.07.2023 no que se delega as competencias en materia de contratación na XGL, así como as resolucións de Alcaldía 555/2023 e 734/2023 que delegan as competencias de materia de contratación de Alcaldía na XGL



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**1º.-** A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma,

**2º.-** Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

**3º.-** Emitirase o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

**4º.-** Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello de Ponteceso obrígase a:

- a) Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
- b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP tanta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.
- g)

**5º.-** Facultar ao Alcalde de Ponteceso para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

### **2 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Non hai asuntos.

O presidente remata a sesión ás 11:45h e eu redacto esta acta.

O presidente  
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)  
Antía Pena Dorado

\*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.